

À brisa da leitura

Guía para mozas/os e adultas/os



Desde as bibliotecas municipais de Oleiros
ofrecemos esta guía de lectura
cunha selección de títulos que fan sorrir,
reflexionar ou que emocionan, coa intención
de que pasen momentos agradables.
Son obras que hai nas bibliotecas municipais
e que poden levar en préstamo para as súas casas.
Animamos a que as visiten, utilicen
o servizo de préstamo e gocen coa lectura.



OBRAS LITERARIAS



Adiós, Hemingway

Leonardo Padura. Tusquets

Unha nova historia do policía Mario Conde que o leva a investigar un feito protagonizado por Hemingway na Habana de 1958.



Alguien

Elisabeth McDermott. Libros del Asteroide
Unha muller percorre a súa vida: infancia, primeiros amores, matrimonio, maternidade...



A balada do café triste

Carson McCullers. Barbantesa

O café convértese no punto de reunión dunha vila rural do sur dos Estados Unidos. A través da obra poderemos achegarnos a temas de soidade, desamor e á complexidade das relacións humanas.



O balcón do meu universo

Concha Blanco. Embora


Lucía xa viviu experiencias moi duras, ben difíciles de superar. Unha mestura de problemas familiares, con historias de amor e desamor son atrancos que debe salvar día a día. A súa profesión de docente, a afección a escribir e o amor pola súa irmá axúdana a ver a luz desde o balcón do seu universo.



El balcón en invierno

Luis Landero. Tusquets

Novela autobiográfica na que o autor repasa a súa infancia nunha familia de labradores extremeña e os seus anos de formación en Madrid.



El bar de las grandes esperanzas

J.R. Moehring. Nefelibata

J.R. vive nunha casa grande e escangallada chea de primos berróns e adultos anoxados, soñando co día en que se fará maior e poderá entrar no bar do seu barrio, onde traballa o seu tío.



A besta na xungla

Henry James. Hugin e Munin

Publicada por primeira vez en 1903. Novela curta que xira ao redor da relación que xorde tras o reencontro entre John e May, despois dunha década sen saber nada un do outro.



Una biblioteca de verano

Mary Ann Clark Bremer. Periférica

Unha muller norteamericana debe reconstruír unha biblioteca francesa tras a II Guerra Mundial. O seu amor polos libros xunto coa experiencia humana lévanos por un relato autobiográfico e social da Europa daquel tempo. Pequenos textos que conforman unha obra de alta calidade da man de Rabelais, Rimbaud e outros escritores e escritoras.



A busca da orixe perdida das especies

Cristina Pavón. Laiovento

Cinco relatos nos que a autora reflexiona sobre un tempo diverso: nuns remóntase á infancia coas frustrantes experiencias vividas no seo familiar, noutro fala sobre o medo á perda da inocencia...



Advento

Manuel María. Fundación Manuel María de Estudos Galegos

Autor galardoado polo Día das Letras Galegas 2016. Fervoso libro de poemas considerado unha obra fundamental da poesía galega contemporánea e no que se xuntan vangarda, reivindicación da identidade e existencialismo.



Cabaret Biarritz

José C. Vales. Destino

Novela de investigación, divertidísima e extravagante, na que se narran e se tratan de desentrañar, de forma máis ou menos indirecta, unha suposta concatenación de feitos lúgubres (afogamentos, suicidios-accidentes) que tiveron lugar no verán de 1925.



Camino de trincheras


Kari Hotakainen. Meettok

Matti Virtanen ten dúas metas inmediatas: recuperar a súa familia e ter unha casa propia.

El cártel

Don Winslow. RBA

Novela negra ambientada no mundo do narcotráfico en México.



Una casa en Amargura

Elisa Vázquez de Gey. Ediciones B

A Habana, 1882. Unha muller, convertida en escrava, loita por recuperar as súas raíces perdidas.

A moza Dulce emprende a busca das dúas fillas roubadas a Misterio, a súa serventa e antiga escrava, co obxectivo de levar a cabo a última vontade desta antes de morrer.

Co fondo da Habana colonial, poderemos achegarnos ao sistema escravista, ás relacións sociais que del se desprenden e coñecer a introdución de galegos en condicións de escravos.



Cecais hai unha luz

Manuel María. Fundación Manuel María de Estudos Galegos

Autor galardoado polo Día das Letras Galegas 2016
Libro de poemas escrito en 1979 pero inédito ata esta publicación e que recolle 31 poemas nos que o autor canta á natureza e ao amor, mostrándonos un poeta intimista e maduro.



A confesión de Lúcio

Mário de Sá-Carneiro. Hugin e Munin


Obra concibida cos códigos da novela fantástica, cunha enigmática caracterización dos personaxes e na que a trama xira arredor dun triángulo amoroso e do seu fatídico desenlace.



As covas de aceiro

Isaac Asimov. Hugin e Munin

Obra editada no ano 1951 e reeditada en galego por esta editorial. Un thriller de robots publicado orixinariamente por entregas. A trama xira arredor da tensa relación entre dúas civilizacións: a dunha Terra superpoboada e a dos espacenses, unha sociedade avanzada e consciente dos retos que entraña o futuro.



Descrédito del héroe; Manual de infractores

Caballero Bonald. Cátedra

Dous libros de poemas cunha gran carga social dun dos grandes escritores en lingua castelán.

Follas novas

Rosalía de Castro. Estudo, edición, notas e comentarios de Anxo Angueira. Xerais

Edición crítica do magnífico e fundamental poemario de Rosalía de Castro, xunto cun estudo introdutorio, un detallado repertorio de notas e pormenorizados comentarios de cada un dos seus poemas.



Intimidad

Hanif Kureishi. Anagrama

Unha parella vive o seu último día de convivencia, pero un dos dous non o sabe.



Izan o da saca

Xabier Quiroga. Xerais

Un investigador acepta o encargo dun coñecido político e empresario galego de desentrañar un suposto pasado nazi co que os seus inimigos poden relacionalo.



Judas

Amos Oz. Siruela

O mozo Shmuel Ash está pasando por unha forte crise persoal debido a unha ruptura sentimental, os problemas económicos dos seus pais e o abandono dos seus estudos universitarios.



La ley del menor

Ian McEwan. Anagrama


Mentres atravesa unha profunda crise de parella, unha xuíza de familia trata de solucionar o caso dun menor enfermo de leucemia que rexeita unha transfusión de sangue por motivos relixiosos.



Matemos al tío

Rohan O'Grady. Impedimenta

Relato humorístico protagonizado por un neno orfo que vai vivir cun tío seu que quere matalo para quedar coa súa herdanza.



Un mundo soñado

Grace McCleen. Salamandra


Esta é unha historia de suspense crecente que brinda ao lector a posibilidade de asomarse ao opaco universo do fundamentalismo relixioso, onde a fe e a razón libran unha cruel batalla.



La mujer de un solo hombre

A.S.A. Harrison. Salamandra

Jodi e Todd levan vinte anos de convivencia. Teoricamente, a súa relación é idílica pero Jodi sabe que o fracaso está próximo. Unha mestura de suspense e reflexión sobre a parella.



Muros de aire

An Alfaya. Xerais

Unha socióloga fai un traballo de campo sobre o suicidio e acaba implicándose máis da conta a nivel emocional.



Nada se acaba

Margaret Atwood. Lumen

Un matrimonio en crise.



A noite enriba

Diego Ameixeiras. Xerais

Nesta obra, Ameixeiras homenaxea os autores clásicos de novela negra das décadas de 1930 e 1940.



La nostalgia feliz

Amélie Nothomb. Anagrama

Novela autobiográfica na que a autora narra o seu regreso a Xapón xunto a un equipo de televisión coa intención de gravar un documental sobre a súa infancia no país. Xapón é a clave da súa obra, todo xira ao redor deste país como se dunha complicada relación amorosa se tratase. A novela convértese nunha reflexión sobre todo aquilo que gardamos no máis íntimo e recóndito da nosa mente, neste caso a infancia que o tempo ás veces destrúe provocando un desencanto, unha nostalxia feliz...



Pan con xamón

Charles Bukowski. Faktoría K de Libros

Tradución ao galego por Eva Almazán da obra Ham on rye, novela autobiográfica na que Charles Bukowski narra, da man do seu propio alter ego Henry Chinaski, o seu paso pola infancia e a mocidade na cidade norteamericana de Los Ángeles durante os anos da Gran Depresión.



Poemas escollidos

Manuel María. Fundación Manuel María de Estudos Galegos

A primeira escolma que contempla o conxunto da magnífica obra poética de Manuel María. Unha escolma que permite redescubrir, a través dos seus versos máis luminosos, o seu canto a Galiza e o universo máis íntimo do poeta.



Rumor nocturno

Ledo Ivo. Vaso Roto ediciones

Poemas vitais, insumisos e inconformistas nunha edición bilingüe en portugués e castelán.



La sociedad literaria y el pastel de piel de patata de Guernsey

Mary Ann Shaffer e Annie Barrows. RBA

No Londres de 1946 a escritora Juliet Ashton comeza unha relación epistolar cun francés a través dun libro que lle pertenceu. Unha pequena xoia que fala do pracer da lectura e da amizade.



La solterona

Edith Warthon. Impedimenta

No New York de 1850, unha moza da alta sociedade anula no último momento o seu compromiso matrimonial.



Tantos días felices

Laurie Colwin. Libros del Asteroide

Dúas parellas novas, dúas historias de amor diferentes.

El teniente Sturm

Ernst Jünger. Tusquets

Na fronte de Flandres, durante a I Guerra Mundial, o tenente Sturm escribe as observacións sobre o día a día. Lector consumado, mestura a experiencia pasada coa camaradería dunha guerra que fai que cada día poida ser o último. Un texto de contido humano que mestura sensibilidade e asepsia.



Terra Chá

Manuel María. Fundación Manuel María de Estudos Galegos

Autor galardoado polo Día das Letras Galegas 2016. Excelente lírica que o poeta Manuel María fai á súa terra, a esa paisaxe e a ese entorno polos que empeza a sentir un fondo sentimento de identificación tras a lectura de Noriega Varela. Unha natureza chea de cores e música. Cántalles e cántalles ás mozas e mozos da Chaira, ao vento, aos paxaros, ás árbores etc. En palabras de Ánxel Fole, "...é un poeta da Terra Chá, que canta á súa terra con sinxela, fonda e pura emoción".



Todo ese fuego

Ángeles Caso. Planeta

As tres fillas dun humilde pastor anglicano viven entregadas á paixón de escribir. Son Charlotte, Anne e Emily Brontë.



O último día de Terranova

Manuel Rivas. Xerais

Premio da Crítica 2015. Premio Gala do Libro Galego (Narrativa) 2016

Libraría Terranova: liquidación total de existencias por peche inminente. A especulación urbanística ten cercado o negocio e marca o seu fin. A historia dunha libraría na que conflúen amores, libros prohibidos e a memoria oculta da nosa historia recente.

Vicenzo Fontana, o protagonista, lembrará a historia do seu pai vítima da represión franquista e de Garúa, unha militante arxentina. Excelente obra cunha defensa das librarías e na que se presenta o sufrimento provocado pola represión franquista a unha parte da poboación.



La vida cuando era nuestra

Marian Izaguirre. Lumen

Nesta historia hai dúas mulleres, unha que sabe pouco da vida e outra que sabe moito pero non pode contalo.



La zona de interés

Martin Amis. Anagrama

Un oficial nazi que traballa nun campo de exterminio, namórase da muller doutro oficial. Un triángulo amoroso no contexto dun campo de exterminio nazi.



BANDA DESEÑADA E ÁLBUM ILUSTRADO



El almanaque de mi padre

Jiro Taniguchi. Planeta DeAgostini

Yoichi, un deseñador de éxito, recibe a noticia da morte do seu pai, de quen estivo distanciado nos últimos anos. No velorio, os testemuños dos seus familiares descóbrenlle facetas del que descoñecía. Dáse conta demasiado tarde de que deixou pasar a oportunidade de comprender realmente quen era o seu pai e por que actuou dese xeito.



Ambulancia 13. La cruz de sangre

Guión de Patrick Cothias e Patrice Odas. Ilustracións de Alain Mournier e Sébastien Bouet. Yermo Louis-Charles Bouteloup, un cirurxián novo comeza o ano 1916 incorporándose ao equipo médico que participa na I Guerra Mundial. En vinte catro horas todas as súas ideas e valores mudarán diante da realidade.



La balada del norte

Guión e ilustracións de Alfonso Zapico. Astiberri Zapico fálanos das condicións sociais que levaron aos mineiros asturianos, en outubro de 1934, ao que foi considerado o primeiro levantamento pola loita mineira.



Castelao

Guión de Inacio Vilariño. Ilustracións de Iván Suárez. Demo Editorial

Colección formada por títulos como: O pobre tolo, Titoán, Máis alá, Atila. Naceu coa intención de albergar a biografía en cómic do insigne político e artista Castelao.

Titoán outorgoulle aos autores o Premio Castelao de Banda Deseñada da Deputación da Coruña.

Atila é o último publicado ata este momento. Sitúa a Castelao en Barcelona, a principios de 1938, en plena Guerra Civil, acompañando o goberno da II República. Neste momento Castelao xa publicara dous dos seus tres "álbums de guerra", entre eles Atila en Galicia, que dá título a este cómic.



La gran guerra

Ilustrado por Joe Sacco. Guión de Adam Hochschild. Reservoir Books

Nunha espectacular ilustración de máis de sete metros, Joe Sacco narra o primeiro día da batalla de Somme, unha das máis tráxicas da I Guerra Mundial.



Kongo: el tenebroso viaje de Józef Teodor Konrad Korzeniowski

Guión de Christian Perrissin. Ilustracións de Tom Tirabosco. Dibbuku

Relato duro, pero accesíbel a todos os públicos, da viaxe ao Congo de Joseph Conrad no 1890. Nel descubrirá a verdadeira cara do colonialismo ao tempo que será fonte de inspiración da súa novela El corazón de las tinieblas.



La niña de sus ojos

Guión de Mary M. Talbot. Ilustracións de Bryan Talbot. La Cúpula

A entrada na idade adulta das fillas dos escritores James Joyce e James S. Atherton en contextos históricos diferentes serven para reflexionar sobre política de xénero, ambicións frustradas e a realidade dos primeiros cincuenta anos do século XX.



Los rascacielos

Germán Zullo e Albertine. Libros del Zorro Rojo. Álbum ilustrado que nos presenta dous veciños multimillonarios que andan á teima por ver cal deles ten a casa máis grande e luxosa, o que desembocará nas situacións máis absurdas.



Los 3 Frutos

Guión de Zidrou. Ilustracións de Oriol. Norma. O pacto dun rei preto da morte tráenos un conto lúcido sobre o ser humano e os seus delitos e apetencias.



Vento do Norte

Texto de David DiGilio. Ilustracións de Alex Cal. El Patito Editorial

Nun planeta Terra xeadado polo Vento do Norte, a vida é unha loita continua entre os habitantes de Lost Angeles e o tirano Matachín Joe...



A vitoria final


Guión de Iban Zaldúa. Ilustracións de Julen Ribas. Urco Editorial

Premio Euskadi de literatura 2012. Escollido para a Lista de Honor IBBY.

Cómic de ciencia ficción que nos sitúa no ano 2052, ano CVII da Vitoria de Alemaña na Segunda Guerra Mundial.



LIBROS DE COÑECEMENTO



El arte de la fotografía: hábitos esenciales para lograr grandes composiciones

Art Wolfe e Rob Sheppard. Anaya multimedia. Obra con máis de 200 imaxes onde o recoñecido fotógrafo Art Wolfe comparte os seus segredos cos afeccionados a esta arte non como un manual de instrucións, senón ensinando a forma de conseguir unha imaxe memorábel.



Atlas de islas remotas: cincuenta islas en las que nunca estuve y a las que nunca iré

Judith Schalansky. Capitán Swing e Nórdica Libros. 50 illas perdidas e distantes da terra firme. O libro sitúas xeograficamente, dinos se están habitadas e conta anécdotas sobre cada unha delas.



Las células madre

Karel H. M. Van Wely. CSIC

Historia do uso das células nai ata chegar ao importante papel que desenvolven nas enfermidades coma o cancro ou o envellecemento prematuro.



Clandestine Cake Club: recetas de club de pasteles clandestino

Lynn Hill. Juventud

Fantásticas e exquisitas receitas dos mellores pasteis clásicos británicos e americanos, de aspecto inmemorable, con ingredientes que se poden atopar no supermercado, doados de preparar e sobre todo que se poden conservar durante varios días.



Cortázar de la A a la Z: un álbum biográfico

Aurora Bernárdez e Carles Álvarez Garriga. Alfaguara
Fotobiografía realizada con motivo do centenario do nacemento de Julio Cortázar. Escrita en forma de dicionario, con reproducións de manuscritos, cadros que lle pertenceron, escritos inéditos e obxectos cotiáns.



El erial y sus islas

Juan Goytisolo. Fondo de Cultura Económica e Universidad de Alcalá
Publicado con motivo da concesión do Premio Cervantes a este autor. É unha recompilación dos seus artigos e conferencias. Conta cunha primeira parte na que eloxia a Cervantes e cunha segunda con temas sobre a literatura universal e as súas reflexións.



Esas mujeres llamadas salvajes

Rosita Forbes. Xerais
Retratos de mulleres que a viaxeira coñeceu durante os seus primeiros viaxes ao redor do mundo: escravas, revolucionarias, sacerdotisas ou mulleres dos haréns.



Esta casa no es un hotel: manual de educación emocional para padres de adolescentes

Irene Orce. Grijalbo
A maioría dos/as adolescentes non saben quen son e están bastante desorientados/as. Non obstante, cada vez son máis os/as adultos/as que recoñecen sentirse igualmente perdidos/as na arte de educar conscientemente os seus fillos e fillas.



La gran amenaza: sobre el Tratado de Libre Comercio entre Estados Unidos y la Unión Europea

Alberto Garzón, Desiderio Cansino e John Hilary. El Viejo Topo
Libro crítico co Tratado de Libre Comercio entre os Estados Unidos e a Unión Europea. Os autores dan as súas opinións sobre como este tratado vai ameazar os dereitos dos cidadáns europeos.



Guía del Camino de Santiago: camino francés. Guía del peregrino a pie o en bicicleta

Antón Pombo. Anaya Touring
Información para o peregrino que quere facer o Camiño de Santiago. O libro está organizado en etapas con explicacións en mapas, tipos de solos, sombras, fontes... Ademais de albergues, restaurantes e demais servizos.



Ideas e inventos de un milenio 900-1900

Javier Ordóñez. Lunweg
Inventos que foron decisivos para o mundo actual. Libro acompañado de numerosas fotografías e gravados do momento.



Labrego con algo de poeta. Biografía de Manuel María

Mercedes Queixas Zas. Galaxia
Roteiro vital e literario do poeta destacando o seu amor ao próximo, á casa, á tribo chairrega, á nación galega, ao pobo, á cultura, á literatura e á lingua galega, e explica como todo isto confluía nunha espléndida obra literaria.



Manuel María: Fotobiografía sonora

Xan Fraga. Ouvirmos
Máis dun cento de fotografías introdúcennos no universo literario e persoal de Manuel María. O libro ven acompañado de dous CD con rexistros sonoros na voz do autor.



Marca España: ¿A quién beneficia?

Pedro Ramiro. Icaria
Móstrase como, ao contrario do que sosteñen no discurso da Marca España, as elites empresariais son as únicas beneficiarias da crise-estafa que estamos a sufrir.



El mundo sin nosotros

Alan Weisman. Debate
Obra científica que trata do impacto que tería sobre a Terra a desaparición dos seres humanos. Os barrios residenciais pasarían a converterse en bosques dentro dun período non maior a 500 anos e os refugallos radioactivos, as estatuas de bronce e os plásticos quedarían entre as probas máis perdurábeis da presenza humana no planeta.



Noches sin dormir

Elvira Lindo. Seix Barral
A escritora Elvira Lindo escribe sobre o seu último inverno en Nova York: a cidade, a vida cultural, a súa actividade intelectual...



Numerati

Stephen Baker. Seix Barral
Nun mundo gobernado polas novas tecnoloxías, hai quen controla todos os nosos movementos na rede. Chamadas telefónicas, pagos con tarxetas, consultas a páxinas web etc., deixan un rastro perfectamente visíbel para os Numerati. Saberán todo de nós, así que será mellor que nós tamén coñezamos un pouco o que fan eles, da man de Stephen Baker, experto mundial na revolución tecnolóxica.



Palillos, aceitunas y refrescos matemáticos

Luis Balbuena, Luis Cutillas e Dolores de la Coba. Rubes
Xogos con palillos, fáciles de realizar mentres tomamos unhas olivas e un refresco sentados nunha terraza. Cunha prosa atractiva e divertida, en clave de humor e con toques de aventura escóndese un mundo de paradoxas matemáticas cheas de dificultades que fan espertar algo no cerebro. Texto con vocación pedagóxica en clave lúdica.



¿Para qué sirven los transgénicos?: todas las claves de una tecnología útil y controvertida

David Bueno i Torrens. Universitat de Barcelona
Que son os transxénicos, como se xeran e que consecuencias ten o seu consumo, así como a lexislación que existe sobre eles.



Pequeño fracaso

Gary Shteyngart. Libros del asteroide
Cando Shteyngart, ruso de nacemento, emigra de neno a Estados Unidos, ten tales dificultades para adaptarse á nova cultura que a súa nai acaba chamándoo Failurchka, “pequeno fracaso”.



Remando como un solo hombre

Daniel James Brown. Nórdica libros
A historia do equipo de remo que humillou a Hitler.



También soy escritura: Octavio Paz cuenta de sí

Fondo de Cultura Económica
Biografía de Octavio Paz: as súas experiencias e evocacións.



Unha voz galega no exilio

Libro + CD
Ramón Suárez Picallo. Escolma e coordinación de Cristina Pujales. Consello da Cultura Galega
Escolma de conferencias de Ramón Suárez Picallo, pronunciadas en Bos Aires entre 1959 e 1964, sobre temas diversos: as xentes e paisaxes de Galicia, a noite de San Xoán, a canción popular galega... Poderemos ler os textos e escoitar a excelente oratoria deste singular político.




El viaje de Luis

José Manuel Gil Antón. Oberon
Libro de autoaxuda para calquera persoa que teña que afrontar unha situación difícil como un dano cerebral. É a historia dun neno que sofre un grave accidente e os esforzos dos seus familiares para conseguir a súa recuperación.



Virginia Woolf: la vida por escrito

Irene Chikiar Bauer. Taurus
Gran traballo de investigación que desemboca nunha biografía sobre unha das máis grandes escritoras do século XX e que nos mostra tanto o ámbito privado como o literario da súa vida.



Birdman o (la inesperada virtud de la ignorancia)

Unha película de Alejandro G. Iñárritu. Protagonizada por Michael Keaton, Zach Galifianakis, Edward Norton, Andrea Riseborough, Amy Ryan, Emma Stone e Naomi Watts. Twentieth Century Fox

Despois de facerse famoso interpretando no cine a un célebre superheroe, a estrela Riggan Thomson (Michael Keaton) prepara a estrea dunha obra teatral en Broadway que reafirme o seu prestixio profesional como actor.



Corazones de acero

Dirixida por David Ayer. Protagonizada por Brad Pitt, Logan Lerman e Shia LaBeouf. Sony Pictures
En 1945, mentres os aliados fan un último esforzo na batalla europea, un duro e experimentado sarxento dirixe un tanque cos seus cinco homes a unha misión mortal tras as liñas inimigas.



The equalizer (El protector)

Dirixida por Antoine Fuqua. Protagonizada por Denzel Washington, Marton Csokas e Chloë Grace Moretz. Twentieth Century Fox Home Entertainment España
Robert é un antigo axente da CIA que traballa nun supermercado de bricolaxe tras finxir a súa propia morte para deixar atrás a acción e os riscos e vivir con tranquilidade. Ao coñecer a Teri, unha moza prostituta que leva unha vida miserábel, darase conta que o pasado segue moi presente e tentará axudala, topándose coa mafia rusa e o proxenetismo dos baixos fondos de Boston.



Escobar: paraíso perdido

Dirixida por Andrea Di Stefano. Protagonizada por Josh Hutcherson, Benicio Del Toro e Brady Corbet. Aurum Producciones

Solvente intriga na que o personaxe de Pablo Escobar, maxistralmente interpretado por Benicio del Toro, funciona como fondo do relato e mostra a sorprendente dicotomía entre o home de familia aparentemente amoroso, o protector das comunidades pobres e o asasino sen escrúpulos.



Felices 140

Dirixida por Gracia Querejeta. Protagonizada por Maribel Verdú, Antonio De La Torre e Eduard Fernández. Twentieth Century Fox
Polo 40 aniversario de Elia reúnense nunha casa rural uns poucos amigos e familiares. Hai algo que lles quere comunicar: é a gañadora do bote do Euromillón desa semana. Desde ese momento o ambiente empeza a enrarecerse e o que ao principio eran alegrías compartidas vanse tornando pouco a pouco en cobizosas argucias para conseguir quedar cos 140 millóns de euros de Elia.



Ida

Dirixida por Pawel Pawlikowski. Protagonizada por Agata Kulesza, Agata Trzebuchowska e Joanna Kulig. Cameo
Anna é unha moza de 18 anos que vive nun convento desde que quedou orfa. Deberá decidir se tomar os hábitos ou non. As circunstancias que a marcaron pódense extrapolar a outros escenarios. A guerra e o que esta deixa tras de si: vidas perdidas e outras destruídas dun xeito cruel.



The imitation game

Dirixida por Morten Tyldum. Protagonizada por Benedict Cumberbatch e Keira Knightley. Tripictures
Drama que amosa a mesquindade e a miseria da sociedade inglesa fronte á valía dun virtuoso analista matemático que traballou arreo para gañar a guerra á Alemaña nazi. Baseada en feitos reais que tinxen de vergoña a calquera cidadán civilizado do mundo.



Interstellar

Dirixida por Christopher Nolan. Protagonizada por Matthew McConaughey, Anne Hathaway, Jessica Chastain. Warner Bros
Tamén dispoñíbel en Blu-Ray
Mentres na Terra unha catástrofe ecolóxica está tendo devastadoras consecuencias, unha nave espacial encamiñase a realizar a misión máis importante da historia da humanidade: atopar un novo mundo habitábel máis aló do Sistema Solar co obxectivo da súa colonización para así evitar a extinción definitiva da raza humana.



Mi gran noche

Dirixida por Álex de la Iglesia. Protagonizada por Raphael, Mario Casas e Pepón Nieto. Universal Pictures Iberia
Mordaz sátira á televisión e ao subxénero do cinema español que durante o réxime franquista estaba protagonizado por estrelas da canción. Esta aceda comedia é, por riba, unha forte crítica á sociedade española. Película coral filmada co estilo propio e inconfundíbel de Álex de la Iglesia que ademais ofrece unha imaxe desmitificadora do veterano cantante Raphael.



Nadie quiere la noche

Dirixida por Isabel Coixet. Protagonizada por Juliette Binoche, Rinko Kikuchi e Gabriel Byrne. Warner Bros. Entertainment España
Drama de supervivencia sobre a temeraria muller dun explorador empeñado en ser a primeira persoa que poña o seu pé no Polo Norte. Altiava e arrogante, durante a viaxe atópase cunha humilde muller esquimó, con quen convivirá e de quen recibirá axuda para poder sobrevivir á inclemente climatoloxía ártica.



Negociador

Dirixida por Borja Cobeaga. Protagonizada por Ramón Barea, Josean Bengoetxea e Carlos Areces. Avalon Comedia
Comedia dramática sobre as negociacións do goberno español con ETA. Manu Aranguren é o personaxe que tentará que ambas partes asinen un documento acorde co fin da violencia. Negociador é un canto, non exento de humor negro, ao entendemento entre as persoas. Baseada en feitos reais acontecidos entre os anos 2005 e 2006. Borja Cobeaga foi co-guionista da comedia Ocho apellidos vascos.



Requisitos para ser una persona normal

Dirixida por Leticia Dolera. Protagonizada por Leticia Dolera, Manuel Burque e Jordi Llodrà. A Contracorriente Films
María está no paro, desafuzada por non pagar o aluguer e cunha vida familiar e romántica practicamente inexistente. Aos seus 30 anos é consciente do desastre en que se converteu a súa vida e decide ser por fin unha persoa normal. Pero acadalo implicará unha serie de requisitos a cumprir e moitas máis complicacións das que inicialmente imaxinaba. Colorista comedia romántica e ópera prima da actriz e directora Leticia Dolera.



Somos gente honrada

Dirixida por Alejandro Marzoa. Protagonizada por Paco Tous, Miguel de Lira e Unax Ugalde. Cameo Media
Dous amigos, cunha situación económica desesperada, atopan un paquete con dez quilos de cocaína. Os problemas virán no momento en que deciden poñela á venda. Película filmada en A Coruña e na costa de Miño.



Truman

Dirixida por Gesc Gay. Protagonizada por Ricardo Darín, Javier Cámara e Dolores Fonzi. Filmax Home Video
Traxicomedia sobre a sincera amizade entre dúas persoas que se reencontran, unha das cales está no derradeiro tramo da súa vida. Ao longo de catro intensos días compartirán momentos emotivos e sorprendentes en compañía do seu fiel can Truman. Unha historia de amizade, familia, amor e o valor da vida.

**Selección bibliográfica realizada polo Sistema de Bibliotecas Públicas Municipais
do Concello de Oleiros:**

- * Biblioteca Central Rialeda. Perillo**
- * Biblioteca Pública Municipal e Centro de Documentación da Muller Rosalía de Castro. Santa Cruz**
 - * Biblioteca Pública Municipal M^a José Trincado. Mera**
 - * Biblioteca Pública Municipal M^a José Ruso. Dorneda**
 - * Biblioteca Pública Municipal Manuel María. Oleiros**
 - * Biblioteca Pública Municipal Ánxel Fole. Nós**
 - * Biblioteca Pública Municipal Xograr Mendiño. Lorbé**

Visita o noso blog: <http://bibliotecasoleiros.blogspot.com>

Síguenos en twitter @ [bibloleiros](#)

Páxina web municipal: www.oleiros.org

Catálogo do fondo bibliográfico: <http://catalogo-rbgalicia.xunta.gal/>

Biblioteca Central Rialeda
Avda. Rosalía de Castro, 227A
15172 Perillo - Oleiros
Tel.: 981 639 511
Fax: 981 639 996

Correo electrónico: biblioteca.rialeda@oleiros.org

Depósito Legal: C 1057-2016



**Bibliotecas Públicas
Municipais**

Premio Nacional María Moliner 2011



Concello de Oleiros

Concellería de Cultura e
Normalización Lingüística